

Praza número: 17/5007

Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia: 652G02014 Deseño e desenvolvemento curricular da educación física 652G02025 Xogos motores 652G02031

Fundamentos da educación física na sociedade actual

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 4 de decembro de 2017.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. MIRIAM CARRETERO GARCÍA**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 05/12/2017

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	cpC94bnB2HxvJKtRXVwsig==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	05/12/2017 11:41:08
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/cpC94bnB2HxvJKtRXVwsig==		





Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 4 de decembro de 2017, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza 17/5007:

Categoría: Contratado Interino de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Didáctica da Expresión Corporal

Departamento: Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia: 652G02014 Deseño e desenvolvemento curricular da educación física; 652G02025 Xogos motores; 652G02031 Fundamentos da educación física na sociedade actual

Centro: Facultade de Ciencias da Educación

ACORDOS:

Os membros da Comisión de Reclamacións, tras analizar a reclamación presentada por **D^a. Virginia López Alonso**, a documentación dos candidatos e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza, ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitada a proposta da Comisión de Selección.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección do 20/11/2017 a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 4 de decembro de 2017

Código Seguro De Verificación	SYPg5fksKcacj1htD3hrjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	04/12/2017 11:38:26
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SYPg5fksKcacj1htD3hrjw==		





Praza número:17/5007 **Número de prazas:** 1

Categoría:Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento:Didáctica da expresión corporal

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:652G02014 Deseño e desenvolvemento curricular da educación física; 652G02025

Xogos motores; 652G02031 Fundamentos da educación física na sociedade actual

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

INFORME DA COMISIÓN

(A cumprimentar no caso de reclamacións ou de proposta de non provisión da praza)

Reunida a comisión da praza 17/5007 para tomar en consideración as reclamacións interpostas con rexistro de entrada 2926 de 14 de novembro de 2017, por Dña. Virgina López Alonso contra a proposta feita pública pola comisión de selección, esta por unanimidade acorda o seguinte:

1.- A candidata solicita a retirada do criterio establecido pola comisión no que se indicaba que "Non se valorarán os méritos que non coincidan coa área e perfil da praza" xa que segundo argumenta, contradí a normativa da UDC.

Neste sentido, a comisión decide manter o criterio, que non é contrario á normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, xa que, como a candidata pode comprobar, distingue apartados nos que non é posible aplicar a afinidade, e outros nos que tal afinidade non só é posible senón que se chega a cuantificar. A comisión entende que os méritos que se atopan completamente afastados do perfil da praza (didáctica da expresión corporal) non poden ser valorados en absoluto para a docencia nesta área de coñecemento.

2.- A candidata solicita se revisen todas as súas puntuacións dado que entende son inferiores ás que merece. Pola razón aludida anteriormente, a comisión, logo de revisar as puntuacións outorgadas á candidata, considera que son axustadas ao baremo establecido e que incorporan con racionalidade o criterio de afinidade. A comisión desexa chamar a atención en particular sobre a extrema distancia entre a investigación que realiza a candidata e a propia da área de didáctica á que pertence a praza.

3.- A candidata solicita acceso aos expedientes dos demais candidatos. A comisión entende que esta solicitude debe ser cursada ante a reitoría da Universidade, xa que non é competente nin dispón de medios para facilitar este acceso.


Incidencia: a candidata presentou as reclamacións a través do Rexistro Xeral de Delegación do Goberno nas Illas Baleares con data 6/11/2017, mais o sobre dirixiuno á Facultade de Ciencias da Información. Este erro explica que fora recibido na Facultade de Ciencias da Educación o 14 de novembro (xa expirado o prazo de reclamacións). Ese é o motivo polo que a Comisión, logo de solicitar o retorno da documentación, se reuniu con data 17 de novembro e non antes como correspondería (achégase o sobre orixinal).

A Coruña, 20 de novembro de 2017

Vº. e Pr.
O presidente,



O secretario,





Praza número:17/5007 Número de prazas: 1

Categoría:Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento:Didáctica da Expresión corporal

Departamento:Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación

Docencia:652G02014 Deseño e desenvolvemento curricular da educación física; 652G02025

Xogos motores; 652G02031 Fundamentos da educación física na sociedade actual

Centro:Facultade de Ciencias da Educación

PROPOSTA DA COMISIÓN

Despois de se constituír a comisión que se designou para o efecto, segundo a acta que se acompaña e unha vez que se examinaron e valoraron os méritos e circunstancias que concorren en cada unha das persoas aspirantes que foron admitidas ao concurso que arriba se indica, esta comisión, para cumprir o establecido no punto 8.2 da Normativa pola que se regula o procedemento de selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aprobou por acordo do Consello de Goberno na sesión do 30 de abril de 2014, acorda por UNANIMIDADE / MAIORÍA facer a seguinte proposta de asignación da praza, pola orde de prioridade que se indica:

Nº. de orde	APELIDOS/Nome	Puntuación
1	CARRETERO GARCÍA, MIRIAM	27,45
2	LÓPEZ ALONSO, VIRGINIA	21,70
3	ABELLEIRA GONZÁLEZ, MAITE	16,97
4	GONZÁLEZ DÍAZ, IRÍA MARÍA	13,88
5	RICO DÍAZ, JAVIER	10,81
6	SANMIGUEL RODRÍGUEZ, ALBERTO	9,74
7	DÍZ FOMBELLIDA, ISABEL	9,16
8	LOUREIRO ROMERO, CARLOS	8,57
9		
10		

DILIXENCIA: Para facer constar que esta proposta se publicou no taboleiro

de anuncios da Facultade de Ciencias da Educación_

o día 3 de novembro de 2017 ás 10:00 horas

O SECRETARIO

A Coruña, 2 de novembro de 2017

Vº. e Pr.

O presidente,

O secretario,